

## **ENERXIAS RENOVABLES TERMICAS**

O día **25 de maio** publícase no DOG a Resolución do 11 de maio de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se anuncia a convocatoria de subvencións para proxectos de enerxías renovables térmicas, para o ano 2021, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder-Galicia 2014-2020 (código de procedemento IN421G).

Poderán acceder á condición de beneficiarias das presentes subvencións:

- As entidades sen ánimo de lucro.
- Empresas legalmente constituídas e autónomos.

O obxecto destas bases é **apoiar proxectos con fins de aforro enerxético e fomento do uso racional das enerxías renovables**. Os proxectos limitaranse a instalacións para a xeración de enerxía térmica mediante equipamentos que utilicen biomasa como combustible e outras instalacións de enerxías renovables que utilicen como fonte enerxética a xeotermia, a aerotermia e a solar térmica (código de procedemento IN421G).

O procedemento administrativo para a concesión de subvencións será o de concorrencia competitiva.

O **prazo de presentación** de solicitudes será de un (1) mes, contado desde o día seguinte ao de publicación desta resolución no DOG, **ata 27 de xuño**.

A **presentación das solicitudes realizarase únicamente por medios electrónicos** a través do formulario normalizado accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, e na páxina web do Inega, [www.inega.gal](http://www.inega.gal). Para o acceso á aplicación de presentación das solicitudes será necesario o número do NIF e o contrasinal determinado polas persoas interesadas.